

**PREGUNTA DE AER SOBRE AQUALIA. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-3).**

PLENO 06 NOVIEMBRE DE 2017. ACTA 09/2017

*Hai un ano presentamos unha moción para que se procedera a denunciar o contrato de abastecemento e saneamento e impedir unha posible prórroga. Ao tempo, instamos a iniciar os estudos necesarios para a análise de cumprimento do establecido nas cláusulas do contrato e as ofertas de mellora, así como das contas que Aqualia nos presenta.*

*A día de hoxe estamos igual que hai un ano. O día 4 de abril de 2017 preguntamos por rexistro polos novos abonados de auga e saneamento. O 6 de xuño, tamén por rexistro, preguntamos pola situación das concesións de captación de augas pertencentes ao concello. O mesmo día, noutro rexistro, preguntamos pola parte das facturas emitidas aos usuarios que se correspondían co Canon que debe recibir o Concello. Ante a falta de resposta, o 4 de agosto de 2017 solicitamos que se nos facilitase a documentación que acreditara que dita información estaba solicitada á empresa concesionaria. Tampouco temos resposta. O día 8 de agosto de 2017, solicitamos acceso ao expediente xerado por estes rexistros mencionados. Seguimos sen resposta.*

***Preguntamos: Teñen vostedes iniciado algún trámite ao respecto e en caso afirmativo, facilitarannos o acceso á documentación que o acredite? ”***

*A sra Amoedo sinala que moita desta información se traslada a comisión informativa de servizos privatizados. Por outra parte, se decidiu no pleno solicitar estudos sobre la remunicipalización a maioría de empresas coas que contactaron se negaron a realizar este traballo.*

*As solicitudes se van respostando a medida que se tramitan.*